



**Memoria xustificativa dun convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia-
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o
Concello de Valga para a execución do proxecto denominado Reparación de vehículo para
Protección Civil e o G.E.S.**

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar co Concello de Valga un convenio para a execución do proxecto denominado Reparación de vehículo para Protección Civil e o G.E.S..

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre as que se atopan a protección do medio ambiente.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellaría competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións á que se destinará a parte do fondo que non estivera destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Segundo isto, a Orde do 30 de decembro de 2016, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, aplica parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco.

Por outra banda, no proxecto orzamentario 2017 00054, *Proxecto de desenvolvemento dos entes locais*, existe un saldo de crédito, financiado exclusivamente con fondos propios da Comunidade Autónoma, que se considera axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia. Por esta razón, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, pretende colaborar coas entidades locais apoiando aquelas actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, incluídos os relacionados coa protección do ambiente.





3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Valga o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de cooperación entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Valga para a execución do proxecto denominado Reparación de vehículo para Protección Civil e o G.E.S..

5. Fundamentos do convenio

O Concello de Valga manifestou a necesidade extraordinaria de asistencia para executar o proxecto denominado Reparación de vehículo para Protección Civil e o G.E.S. que ten como obxecto a reparación dos danos producidos no devandito vehículo como consecuencia dun accidente sufrido pola Agrupación de voluntarios de Protección Civil.

O concello pon de manifesto a urxencia, a importancia e a necesidade de proceder á reparación inmediata do vehículo para poder poñelo novamente en servizo. A inoperancia do vehículo non permitiría que nin o GES de Valga nin Protección Civil, que son os que utilizan o dito vehículo, poidan cumprir as misións que teñen encomendadas.

Se ben contan con outros vehículos para o seu servizo, este ten unhas características especiais que non poder ser substituídas por ningún outro dos que teñen á súa disposición:

- Trátase do único vehículo da flota municipal dotado de 7 prazas, o que permite transportar de vez o persoal para os operativos de emerxencia.
- É o único vehículo preparado para incorporarlle o espallador de sal. A súa utilización permite empregalo no acondicionamento das estradas do termo municipal nos días de xeadas e, xa que logo, permite intervir na prevención de situacións de sinistro ou risco de xeito moito máis efectivo que outros vehículos dos que se dispón pero que implican o espallamento do sal de maneira manual coa consecuente redución do número de quilómetros e o incremento exponencial do risco de accidentes e saída de vías.

Finalmente, cómpre indicar a falta de recursos do concello para afrontar un arranxo desta importancia cuantitativa.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións imprescindibles e necesarias para o normal funcionamento da entidade local e que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiadas de conformidade cos criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario Desenvolvemento dos Entes Locais.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias no servizo municipal sobre o que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do **Concello de Valga**.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de TRECE MIL CENTO OITENTA E SETE EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (13.187,21 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.461.1 (CP 2013 00770) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.





Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2017
A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez
Documento asinado dixitalmente á marxe

